

“Lecturas de Xaneiro”


Título: *MAUS*

Autor: Art Spiegelman

Editorial: Literatura Random House.

Unha novela gráfica gañadora dun premio Pulitzer en 1992, conta a experiencia do pai do autor, xudeu polaco en Auschwitz durante a Segunda Guerra Mundial.

O autor dunha forma intelixente e sutil, empregando recursos gráficos e literarios, describe as atrocidades que os homes podemos chegar a facer amparados no racismo e o uso da forza.



Título: *Irmán do vento*

Autor: M. Lourenzo González

Editorial: Xerais

“Son Khaled ben Sayiam, cidadán do mundo”

A novela reflicte como a infancia vive un conflito bélico e sofre as súas consecuencias máis duras, sen ser consciente das causas nin das circunstancias nas que se desenvolve. É a narración emocionante da loita contra ese destino imposto e pola recuperación da dignidade e da esperanza.



Título: *El hombre que calculaba*

Autor: Malba Tahan

Editorial: RBA

Un clásico cheo de sorpresas, de maxia e poesía, inspirado en lendas e contos árabes. No libro únese o útil e o cotián coa Matemática por medio de historias que o fan ameno, e mediante as que se aprende dunha maneira lóxica e dedutiva.

Escrito por un matemático brasileiro, con pseudónimo árabe como símbolo de respecto entre as culturas.

